



Concello de Oza-Cesuras

BASES PARA A CONTRATACIÓN DAS PERSOAS QUE CUBRIRÁN A XORNADA COMPLETA DURANTE 9 MESES O CADRO DE PERSOAL PARA O PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA “TRABALLOS DE SILVICULTURA, LIMPEZA, DESBROCE E VALORIZACIÓN FORESTAL DE PISTAS, MASAS E ESPAZOS PÚBLICOS DE OZA-CESURAS (ANUALIDADE 2022), COMPOSTA DAS SEGUINTE PRAZAS:

- **2 prazas de oficiais forestais.**
- **3 prazas de peóns forestais**

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

A contratación laboral temporal durante nove meses en xornada a tempo completo, mediante concurso, se fose necesario, das persoas que executarán o “TRABALLOS DE SILVICULTURA, LIMPEZA, DESBROCE E VALORIZACIÓN FORESTAL DE PISTAS, MASAS E ESPAZOS PÚBLICOS 2022 DE OZA-CESURAS” incluída no “Programa de Fomento de Emprego no Medio Rural (APROL RURAL)” mediante a execución de obras e servizos de interese xeral e social, competencia das entidades locais rurais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de tarefas de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos deste concello, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral que a continuación se relacionan:

- 2 prazas de oficiais forestais.
- 3 prazas de peóns forestais.

A devandita contratación realizarase con base á subvención concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade ao abeiro da *ORDE do 7 de xaneiro de 2022* (DOG Núm. 21



Concello de Oza-Cesuras

Martes, 1 de febreiro de 2022), pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.

SEGUNDA.-Condicións dos/as aspirantes.

1. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas que condicións que establece o artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, agás que por lei se estableza outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público de que se trate.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción





Concello de Oza-Cesuras

disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, dacordo co previsto no artigo 14.1 da *ORDE do 7 de xaneiro de 2022* (DOG Núm. 21 Martes, 1 de febreiro de 2022)), pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.

f) Terán preferencia, en todo caso, os **colectivos con especiais dificultades de inserción laboral** e, se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional (que no seu caso, acreditarase mediante informe emitido polo SEPE), tales como:

- **Mulleres** e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. Acreditarase mediante copia da orde de protección ou informe do Ministerio Fiscal, certificación dos servizos sociais da administración competente ou do centro de acollida, ou por resolución xudicial.

- **Menores de 30 anos**, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. Acreditarase con fotocopia do DNI e certificado de vida laboral.

- **Persoas paradas de longa duración**. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego. Acreditarase mediante copia da certificación expedida polo organismo competente relativa ao tempo no que o aspirante ao posto de traballo leva anotado no paro expedido polo organismo competente.

- **Persoas con discapacidade**: aquelas que teñen recoñecida pola administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%. A acreditación da



Concello de Oza-Cesuras

discapacidade acreditaranse con copia da certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.

- **Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego** a que tivesen dereito. Acreditarase mediante certificado emitido polo SEPE.

- **Persoas desempregadas maiores de 45 anos.** Acreditarase con fotocopia do DNI.

- **Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social,** especialmente persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia. Acreditarase mediante informe expedido polos servizos sociais municipais do seu concello de residencia habitual ou no caso da **RISGA** mediante Resolución de concesión e/ou renovación da Consellería de Política Social.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por esta ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. Acreditarase mediante informe emitido polo SPE de Galicia e/ou polos servizos sociais municipais do correspondente concello de residencia.

2. De conformidade co establecido no artigo 14.2 da *ORDE do 7 de xaneiro de 2022* (DOG Núm. 21 Martes, 1 de febreiro de 2022),, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022: *“As persoas traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás*





Concello de Oza-Cesuras

axudas previstas nesta orde, (...)”.

3. Dado que o proceso selectivo se desenvolve simultaneamente para os dous postos de traballo (oficial forestal e peón forestal) que cubrirán o cadro de persoal do programa de fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural 2022) cada un dos aspirantes so poderá presentar solicitude de participación para un único posto de traballos (oficial forestal **ou** peón forestal)

TERCEIRA.- Requisitos para a selección.

De conformidade co establecido nas bases do programa APROL RURAL mediante a execución de obras e servizos de interese xeral e social, competencia das entidades locais rurais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de tarefas de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos deste concello, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral aprobadas pola Consellería de Emprego e Igualdade as persoas a contratar deberán ser ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. O concello de Oza-Cesuras realizará a preselección para a contratación do persoal a través do Servizo Público de Emprego e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación, mediante a presentación de oferta de emprego na oficina de emprego correspondente nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e ás características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o axeitado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado.

A oficina de emprego realizará unha sondaxe e preseleccionará ao maior número posible de candidatos/as, correspondendo ao Concello a selección definitiva.

CUARTA.- Solicitude dos aspirantes

1. Recibida no concello a listaxe de preseleccionados para candidatos remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, o concello poñerase en contacto telefónico con





Concello de Oza-Cesuras

cada un deles para informarlles deste programa e invitarlles a participar, para o cal dende a data de publicación destas bases na páxina web do concello (www.concellodeozacesuras.es) e ata as 13:00 horas do día 07 de xuño de 2022 se abrirá o prazo para que, se están interesados, presenten a correspondente instancia conforme ao modelo oficial que poderán obter nas oficinas municipais ou mediante descarga na páxina web.

2.- A solicitude de participación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). A presentación da solicitude de xeito telemático na sede electrónica deste concello realizarase a través do enlace da páxina web (www.concellodeozacesuras.es) cos certificados dixitais admitidos na mesma.

No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o candidato deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981 792025 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

3.- A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

4.- A presentación da solicitude fora de prazo suporá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo

5.- A solicitude deberá ir acompañada pola seguinte documentación:

- a) Orixinal ou copia do DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- b) Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. No seu caso, a condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desempeño das funcións correspondentes á praza acreditarase por certificación expedida pola Consellería de Política Social da



Concello de Oza-Cesuras

Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.

- c) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- d) Orixinal ou copia da tarxeta de figurar inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- e) Documentación acreditativa de reunir algún dos requisitos esixidos na base 2.1. f) das presentes.
- f) No seu caso, documentos acreditativos dos méritos indicados na base sétima das presentes ao obxecto da súa valoración: orixinais ou copias dos xustificante da experiencia laboral (contratos de traballo, de constar neles a dita experiencia ou certificado expedido pola corporación local ou administración correspondente xunto con informe de vida laboral), xa que non se tomarán en consideración nin serán estimados aqueles servizos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias

Os interesados se responsabilizarán da veracidade dos documentos que presenten e, cando a relevancia do documento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia o concello poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal (artigo 28 LPACAP)

Así mesmo, o concello de Oza-Cesuras, agás que o interesado manifeste a súa oposición, consultará e recabará de oficio aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aqueles outros que xa foran



Concello de Oza-Cesuras

aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello sempre que se indiquen en qué momento foron presentados.

QUINTA.- Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou órgano delegado ditará resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos. Dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web oficial do concello (www.concellodeozacesuras.es) sen carácter preceptivo, deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

SEXTA.- Comisión seleccionadora

- Presidente: funcionario/a do Concello de Oza-Cesuras.
- Vogais: 2 empregados públicos (funcionarios ou persoal laboral) do concello de Oza-Cesuras) e
- Secretario: (con voz pero sen voto) o secretario do concello ou funcionario/a en quen delegue.

Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso, en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

SÉTIMA.- Proceso de selección.

O proceso de selección contará de dúas fases:

1ª.- Fase de concurso. Puntuación máxima: 2 puntos. Nela valoraranse os seguintes méritos:

- Haber acadado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas (**ata un máximo de 0,75 puntos**).
 - Por cada programa finalizado de duración igual ou superior a 200 horas e





Concello de Oza-Cesuras

inferior a 500 horas (0,25 puntos)

- o Por cada programa finalizado de duración igual ou superior a 500 horas e inferior a 1000 horas (0,50 puntos)
- o Por cada programa finalizado de duración igual ou superior a 1000 horas (0,75 puntos)

Para valorar este programa terase en conta que estean dirixidos a persoal en risco de exclusión social; contido e número de horas.

- Experiencia profesional en postos similares: **0,05 puntos por mes completo traballado ata un máximo de 1 punto.**
 - o Computarase 0,05 puntos por mes completo, realizando o cálculo mediante a suma do total dos días traballados por cada un dos candidatos/as e acreditados no informe de vida laboral e a súa posterior división entre 30, depreciando os días sobrantes.
- Posuír carné de conducir tipo B: **0,25 puntos**

Acreditación de méritos:

A realización dos programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas acreditarase mediante documento expedido pola autoridade correspondente onde conste o seu título, o nome, apelidos e DNI do participante e o número de horas.

A experiencia profesional deberá ser acreditada con orixinais ou copias dos correspondentes contratos laborais e informa de vida laboral expedido pola Seguridade Social ou organismo oficial, ou mediante a correspondente certificación, no caso das Administracións Públicas.

A posesión do carné de conducir tipo B acreditarase mediante copia do permiso de condución.



Concello de Oza-Cesuras

O tempo de desemprego acreditarase mediante informe ou certificación emitido polo Servizo Público de Emprego

Non serán valorados os méritos das persoas que non se acrediten do xeito e no tempo indicados.

2ª.- Fase de oposición. Puntuación máxima 8 puntos. Consistirá en:

a. Realización dun exame tipo test sobre materias relacionadas co temario anexo.

Esta proba escrita será un test de 15 preguntas e **valorarase de 0 a 3 puntos**, debendo obter unha puntuación mínima de 1 punto para superar a proba. Cada pregunta acertada valorarase con 0,20 puntos.

b. Realización dunha proba práctica aos/as aspirantes que superen o exame tipo test que consistirá na realización de diversas tarefas e actividades con tractor-desbrozadora, con motoserra ou con desbrozadora.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 15 minutos.

A proba práctica **qualificarase de 0 a 3 puntos** e será necesario para superalo un mínimo de 1,5 puntos.

c. Entrevista persoal, na que se farán preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto de traballo, interese demostrado no posto de traballo, así como preguntas relativas ó nivel de coñecementos axeitados ao posto de traballo ao que se aspira e será cualificada cun **máximo de 2 puntos**.

No caso de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas para cada un dos postos ofertados, e sempre que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, non será preciso a realización do proceso de selección.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada Comisión, que terá a facultade de



Concello de Oza-Cesuras

interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

OITAVA.- Formalización do contrato.

A Comisión Seleccionadora propondrá ao Sr. Alcalde a contratación daqueles/as aspirantes que obtivesen a maior puntuación.

Ditos/as aspirantes propostos/as presentarán no prazo que se lles indique, os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia de tarxeta sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, podendo contratarse ao seguinte da lista ou quedando anuladas todas as actuacións, segundo proceda, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

A formalización do contrato realizarase conforme ao previsto na lexislación vixente e na modalidade de contratos vinculados a programas de activación para o emprego utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social prevista no artigo 15 da da *ORDE do 7 de xaneiro de 2022* (DOG Núm. 21 Martes, 1 de febreiro de 2022), pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.

NOVENA.- Lista de reserva

Rematado o proceso selectivo farase unha relación de persoas, en orde decrecente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista) para cubrir prazas non cubertas por situación de renuncia voluntaria e/ou procesos de incapacidade temporal.



Concello de Oza-Cesuras

DÉCIMA.- Resolución de incidencias

O Tribunal de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

ANEXO.- Temario

Tema 1. Uso e mantemento de tractores, desbrozadoras e motoserras.

Tema 2. Sinalización vial en traballos forestais.

Tema 3. Seguridade en máquinas agrícolas e forestais.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,

Ado: José Pablo González Cacheiro

